

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A ASOCIACIÓN GALEGA DE EMPRESAS DE ARTES ESCÉNICAS (ESCENA GALEGA) PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE PROMOCIÓN, DIFUSIÓN E FORMACIÓN NO EIDO ESCÉNICO EN 2021**

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O *director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* pretende formalizar coa **Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a **sinatura do convenio ata o 30 de decembro de 2021**.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O financiamento por parte da Agadic de accións de promoción, difusión e formación no eido escénico durante o ano 2021 que desenvolve a Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas esatruturadas en tres eixos de actividades: 1) accións de promoción e visibilización da actividade profesional e sectorial encamiñadas á promoción das artes escénicas galegas no seu conxunto tanto no interior de Galicia como no exterior. 2) accións de difusión da actividade profesional e sectorial. 3) programa de formación e capacitación profesional.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

A Asociación, atendendo aos seus fins, vén promovendo de forma continuada un programa de actividades e servizos de carácter colectivo e asistencial así como de fomento de todo tipo de iniciativas que redundan na defensa e potenciación das artes escénicas, e que se concretan nas actividades que leva a cabo para a promoción e visibilización do tecido profesional da escena galega coa asistencia a feiras escénicas e encontros sectoriais de carácter estratéxico así como coa formación, mellora profesional e asistencia ás empresas de artes escénicas e desenvolvemento de proxectos estratéxicos.

A crise provocada pola covid-19 está a producir desafíos sen precedentes en todo o sector cultural, polo que é vital seguir mantendo o contacto e as sinerxías globais de cara a seguir impulsando a recuperación da actividade. Malia a parálise obrigada sufrida, aproveitar este momento como unha oportunidade de mellora na eficiencia no funcionamento das empresas pode resultar necesario. Neste sentido, o reforzo nas propostas de formación e capacitación profesional no eido escénico que recollan as necesidades e urxencias derivadas das consecuencias no sector da crise sanitaria pódense converter en ferramentas de axuda para as compañías, que precisarán máis que nunca de accións de capacitación e seguimento para o mantemento, adaptación e viabilidade das súas estruturas ao novo contexto económico. Pero tamén no marco da promoción e difusión da actividade escénica se volve necesario incidir na visibilización do sector coa asistencia a feiras e eventos profesionais de primeira orde, normalizando así as dináminas de programación, produción e creación escénicas.

A Agadic presta especial atención ao eido do asociacionismo profesional apoiando medidas e iniciativas concretas das diferentes entidades aglutinadoras do sector profesional que desenvolven unha actividade crecente tanto de cara ao servizo dos asociados coma á visibilización do tecido profesional dos diferentes sectores culturais. E todo este esforzo no fomento do sector escénico que realiza a Asociación tanto a



nivel representativo como de dinamización e promoción coincide plenamente coas liñas de traballo da Agadic no que atinxe ao impulso da cooperación e do asociacionismo nos distintos sectores culturais, así como no establecemento de medidas para aumentar a presenza nos mercados culturais e de apoio aos procesos formativos, de aí que considere fundamental o apoio a este tipo de iniciativas, establecendo accións conxuntas coa Asociación que permitan a súa participación no desenvolvemento deste proxecto.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

